




IES Auga da Laxe

Manuel Curros Enríquez

Lingua galega e
Literatura

Vida e obra

Manuel Curros Enríquez **naceu en Celanova o día 15 de setembro de 1851**. Quizais por dificultades na relación co seu pai, Curros **abandonou o domicilio familiar cando tiña quince anos, en 1865**. Marchou a Ourense e, desde alí, **trasladouse a Madrid**, onde entrará, uns anos despois, en contacto co **galeguismo**.

En Madrid trata de ser **xornalista** con certo éxito: en 1875 ingresa na redacción de *El Imparcial*. Inmediatamente parte como correspondente de guerra na terceira guerra carlista, desde onde irá enviando unha serie de crónicas que titula «**Cartas del Norte**» entre setembro de 1875 e febreiro de 1876.



Vida e obra

A súa primeira composición galega data de **1869**, cando o escritor tiña pouco máis de dezoito anos de idade. **En 1876 convócase un certame poético de Ourense** e Curros gaña; este é un elemento determinante para converter a Curros en poeta galego. O éxito supuxo ademais o **regreso a Galicia**, e en 1877, instálase en Ourense.

En 1880 sae do prelo *Aires da miña terra*, obra en que recompila os textos do certame de Ourense, outros xa publicados e tamén poemas novos. Por mor dalgunha das composicións habería de enfrontarse a un **proceso xudicial por atacar a relixión católica**. Desde entón Curros quedaría definitivamente integrado no movemento cultural galego, do que **pronto ía ser a figura literaria principal** despois da morte de Rosalía de Castro en 1885.



Vida e obra


En 1883 vai regresar a Madrid tras perder o seu posto de traballo. Con todo, non modificou as súas excelentes relacións cos membros máis destacados da renacementa cultural galega nin cos seus órganos de expresión, polo menos ata o ano 1888. Nesa data, Curros remata ***O divino sainete***, o seu segundo libro de poemas en galego. **A súa acollida será moi fría** por parte da nosa crítica.

En 1894 emigra a Cuba e, desde o semanario *La Tierra Gallega*, o poeta e periodista desprega a bandeira política do rexionalismo en defensa dos intereses da súa terra. Tamén desenvolveu unha ampla actividade cultural e literaria. A máis importante foi a súa participación na **creación da Real Academia Galega**, un proceso que se iniciou na Habana en 1905.

Morre na Habana en 1908.



Poesía cívica: progresismo



O poeta que Curros Enríquez quixo ser toda a súa vida foi o **cantor da liberdade, do progreso e dos ideais democráticos**; todas esas ideas poden verse, literal ou metaforicamente, nos versos en que o poeta celebra a chegada do tren a Ourense.

Para Curros, **os intelectuais deben traballar para que o pobo sexa consciente das inxustizas do mundo e loite por melloralo**.

O poeta traballa un lirismo que bebe da **fraseoloxía popular**, co que tamén **pula pola dignificación do idioma e, polo tanto, da sociedade que o sustenta**.

Poeta cívica: anticlericalismo



Con respecto ao anticlericalismo de Curros, que lle valeu un **proceso xudicial entre 1880 e 1881**, non existe acordo entre os críticos: aparece caracterizado como crente fervoroso ou como ateo, sen esquecer a súa relación coa igrexa evanxélica e a súa filiación á masonería.

Non podemos considerar incompatible cunha certa relixiosidade a súa crítica á Igrexa, que se centraba sobre todo na sátira contra o papel sociopolítico e económico desempeñado polo Vaticano. Así, nos seus poemas, o celanovés **critica a dobre moral dos poderes relixiosos** ou **pregúntase como un Deus misericordioso permite inxustizas no seu nome**.

Popularismo e costumismo



En certo modo, **a temática costumista chocaba cos principios ideolóxicos de Curros**. Con todo, o autor tamén acaba por participar dunha actitude que o achega a Rosalía: a **relixiosidade popular**, malia todo o tramado supersticioso e máxico que el rexeitaba, viña a representar unha forma de resistencia sociocultural perante a oligarquía e a Igrexa, dous estamentos teimosamente enfrontados á realidade do país e ás súas clases populares.

Forman parte desta tendencia os textos de «A Virxe do Cristal», «Unha voda en Einibó» e «O Gueiteiro», cos que o poeta gañou o certame literario de 1877 que o impulsou á fama. Neles observamos a reivindicación dun pasado que desaparece e ao que se sente estreitamente ligado, e mais a solidariedade coas xentes que poboan ese mesmo espazo que se esvae. Así, **a vea cívica currosiana reverte na defensa da dignidade do país nativo**.

Intimismo



A vea intimista de Curros abrolla en dous episodios concretos:

- Nun pequeno monllo de **composicións nas que dá noticia de acontecementos de índole familiar** («Ben chegado», «Ai!», «Na morte da miña nai»).
- Nun **conxunto de pezas de reflexión metafísico-relixiosa** («Tempo deserto», «Sola», «Nouturnio» e «A Rosalía»).

¿Cómo foy?...Eu topábame fóra
Cand' as negras vixigas lle deron;
Pol-o arámio sua nay avisóume
Y-eu vínme correndo.

¡Coitadiño! Sintindo os meus pasos
Revolveu car' á min os seus ollos.
Non me víu... e chorou... ¡ay! xa os tiña
Ceguiños de todo.

Nom m' acordo que tempo m' estiven
Sobr' o berce de dôr debruzado;
Sólo sey que m' erguin c'o meu neno
Sin vida n'os brazos...?

Volvoreta d' aliñas douradas
Que te pousas no berze valeiro,
Pois por él me pergúntas, xa sabes
Qué foy d'o meu neno.

¡Ay!...

Aires da miña
terra





O Divino sainete

Esta obra narra unha **viaxe** que **Curros**, en **compañía de Francisco Añón**, **realizará a Roma para visitar o papa León XIII**. A viaxe de Curros e Añón comeza na noite de Nadal, cando o celanovés atopa o defunto poeta capitaneando a Santa Compañía, e é convidado por el a peregrinar a Roma. Así comeza o percorrido polo tren dos **sete pecados capitais, simbolizados en cadanseu vagón**.

Trátase dunha obra que parte da *Divina comedia* de Dante para crear **unha sátira e unha farsa sobre a sociedade galega e española do momento**.



O divino sainete

1. **Preguiza:** neste vagón sitúa Curros o xuíz Mella e mais o bispo Rodrigo, responsables do proceso condenatorio vivido tras a publicación de Aires da miña terra.
2. **Envexa:** aquí viaxa Emilia Pardo Bazán, que despreza o legado de Rosalía e do conxunto dos autores que militan no Rexurdimento.
3. **Gula:** neste vemos un grupo de frades voraces protagonizando unha escena de antropofaxia, na que devoran talladas de carne de autores do Rexurdimento e mesmo do propio Curros.
4. **Ira:** vagón dos carlistas vencidos, que ao cruzaren a fronteira de Italia arengan o papa.
5. **Luxuria:** neste punto aparecen varios beatos e beatas.
6. **Avaricia:** neste vagón figuran prestamistas e un libreiro.
7. **Soberbia:** no que se gardan os tesouros para agasallar o papa.